



## PROCESO ADMISIÓN ALUMNADO PARA O CURSO 2016-17

O vindeiro 1 de marzo ábrese o prazo para solicitar praza nos centros sostidos con fondos públicos, regulado pola Orde do 12 de marzo de 2013 e polo Decreto 254/2012. Aqueles que estean interesados deberán presentar no centro:

- **Anexo II** da Orde de 12 de marzo de 2013, que se facilitará no centro. Tamén se pode descargar da páxina web da consellería. A solicitude terá que estar asinada por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais do alumno/a. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles.
- **Fotocopia do libro de familia ou DNI do alumno/a.**
- No caso de que o alumno/a proceda doutro centro será preciso o **certificado de estudos** no que conste o curso no que estivo matriculado no ano académico 2015-16.

**O prazo de entrega das solicitudes será do 1 ao 29 de marzo.**

Tal e como recolle a normativa actual, recordámosvos que:

1. Cada alumno/a so pode presentar **unha única solicitude** no centro onde solicita praza en primeiro lugar. De non ser así perderá os dereitos de prioridade que lle corresponden.
2. O alumnado que quere permanecer no mesmo centro ten garantida a praza nese centro. De querer cambiar de centro deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación das solicitudes de admisión.
3. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
4. A zona de escolarización abrangue todo o Concello de Fene.
5. Para os alumnos/as que pasan a 1º da ESO recordarvos que estamos adscritos ao IES de Fene.
6. Os Servizos Complementarios do centro son:
  - **Comedor**, xestionado pola consellería.
  - **Transporte gratuíto** dende Maniños, todo Barallobre, Magalofes e Perlío.
  - Ampla oferta de **Actividades Extraescolares**: patinaxe, obradoiro de cociña, multideporte e proxecto Voz Natura, entre outras.
  - **Servizo de Madrugadores**, no caso en se haxa a demanda pertinente.



## A formalización da matrícula realizaráse do 20 ao 30 de xuño.

Para **formalizala matrícula** deberedes presentar:

- **Anexo III** da Orde do 12 de marzo de 2013 que se facilitará no centro (tamén se pode descargar da web da consellería).
- 3 fotos tamaño carné.
- Certificado médico de non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa e de ter administradas todas as vacinas que lle corresponden por idade.
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- Copia da folla do libro de familia onde apareza o neno/a.
- Padrón municipal no que figuren tódolos membros da unidade familiar que convivan nel.

Toda a información relativa ao proceso de admisión poderedes consultala na páxina web do centro:

<http://www.centros.edu.xunta.es/ceiporamio/>

Benigno Sánchez Vales

Director do CEIP Plurilingüe O Ramo